




Nin “PIN parental” nin censura educativa: liberdade de cátedra e respecto pola coeducación e a igualdade



***para o meu futuro
preciso un presente
sen censura!***

Os prexuízos e a deriva reaccionaria dunha parte da sociedade, avivada por discursos xenófobos, homófobos, machistas, clasistas ou empapados de auto odio a todo o que sexa ou soe a galego, teñen dado cumpridas mostras de como organizacións políticas, grupos de presión, medios de comunicación e finalmente gobernos, promoven a discriminación de quen non pensa como eles. Pretenden (e en ocasións conseguen) coartar a liberdade de cátedra do profesorado e mesmo o desenvolvemento curricular legalmente establecido ou perverter a norma para controlar ao seu antollo a educación.

O PIN lingüístico chegou antes

En Galiza tivemos unha boa mostra disto en 2009 cando se armou unha campaña que introduciu conceptos como o da “imposición del gallego” pola aplicación dun decreto que establecía, nada máis e nada menos, a igualdade entre o galego e o castelán na distribución das horas de docencia, en cumprimento dun Plan de Normalización que partira do consenso previo das forzas políticas no Parlamento. Aquela campaña, á que se sumou o PP de Feixóo, foi un dos arietes usados para a campaña electoral que levou de volta ao PP á Xunta de Galiza. O decreto mal chamado de plurilingüismo aprobado xa con Feixóo no poder implicou a aplicación legal do negacionismo da igualdade do noso idioma, reducindo a súa presenza nas aulas, prohibíndoo en determinadas materias e pervertendo o uso de palabras como “liberdade” ou “libre elección”. A decisión non quedou nas mans das familias, como pretendía enmascarar Feixóo mais a norma quedou para cumprir o seu cometido: desmantelar o noso idioma.

Ultracatólicos e extrema dereita como arietes contra a igualdade

Esas mesmas expresións agroman de novo en campañas promovidas por grupos ultracatólicos e reaccionarios como “Hazte Oír” ou organizacións da extrema dereita como VOX que envían cartas aos centros e ás familias promovendo o que denominan “PIN parental”, que non é outra cousa que unha censura previa sobre a participación do alumnado en actividades complementarias dos centros. Unha censura que atenta contra o propio dereito do alumnado a recibir unha educación baseada nos principios democráticos e igualitarios que o profesorado e outros profesionais desenvolven nos centros en aplicación duns currículos oficiais.

Cando un pai ou unha nai pretenden que o seu fillo non sexa escolarizado en galego ou catalán, cando consideran que recibir información sobre identidade sexual ou os diferentes modelos de familia pode “trastornar” á súa filla, están violentando a formación desta.

Caeríamos nun erro como docentes se non prestásemos toda a atención a esta deriva continuada do intervencionismo ultraliberal e ultraconservador nas nosas aulas e no noso papel como educadoras e educadores. Desde a CIG-Enseño apelamos a non ceder diante de calquera tipo de presión que se exerza sobre nós e os nosos centros, sobre as familias e o propio alumnado: defendamos o noso ben máis prezado, a liberdade de cátedra e o seu uso para salvagardar unha educación en valores democráticos e igualitarios.

Como fixemos e facemos desde a CIG-Enseño na defensa do uso do noso idioma, temos diante unha nova campaña ultraconservadora que afrontar, neste caso contra os dereitos das mulleres e da liberdade de identidade sexual; e tamén debemos manter a alerta e a acción. A vangarda reaccionaria que representan “Hazte Oír” ou VOX xa ten novos compañeiros de viaxe en Ciudadanos ou o PP. Xa pasamos a unha seguinte fase. Das cartas noxentas da ultraortodoxia católica enviadas aos centros, sen que a Xunta reaccionase e que o sindicato denunciou publicamente, atopámonos xa coas decisións de diferentes gobernos. Murcia toma a iniciativa e anúnciase que Andalucía ou Madrid poden seguir polo mesmo camiño. VOX apunta e os gobernos do PP disparan.

Onde está o goberno galego?

Falta por ouvir unha resposta contundente do goberno Feixoo ante esta deriva. Vai obedecer os ditados do seu partido en Madrid, na liña que lle marca VOX, vai seguir como até agora, cun silencio calculado e cunha lexislación formalmente garantista que despois non promove nin desenvolve ou vai sumarse a quen defenderemos con todas as consecuencias que a coeducación e promoción da igualdade é un dereito do noso alumnado e unha obriga para o sistema educativo? Vai potenciar a escasa normativa propia? Vai potenciar e divulgar o Protocolo sobre identidade de xénero? Vaise preocupar minimamente por facer seguimento do Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galiza?

Que facemos como profesorado?

- Responder ás campañas de odio e de medo coa defensa da nosa profesión, do noso valor como docentes.
- Promover que os nosos centros sexan realmente coeducadores e participar en redes e experiencias colectivas contra a desigualdade de xénero ou a LGBT-fobia.
- Debater, falar, dinamizar os nosos centros no camiño da igualdade.
- Coñecer os nosos dereitos e defendelos.
- Denunciar calquera actuación individual ou colectiva contraria aos principios da coeducación e a igualdade de xénero e de orientación sexual, veña de onde veña.

Xa sabemos que non nolo poñen doado. Estamos sobrecargados de traballo, de horas de docencia, de burocracia, con ratios elevadas, cunha inspección educativa que pon paus nas rodas do noso traballo e cun goberno que se esquece dos nosos dereitos e da nosa dignificación profesional.

Na loita pola recuperación deses dereitos debemos manternos firmes e con unidade e a CIG-Ensino non descansará nese cometido. Como profesorado non podemos baixar os brazos fronte á involución. Quérennos apáticos, disciplinados, executantes. Non lles gustamos reflexivas, colaboradores, en equipos. O profesorado debe defender os seus dereitos e o seu papel como educadores. Defender ambos é defender o mesmo: un ensino mellor para todas e todos, para quen traballamos nel e para quen formamos como cidadanía do futuro.

ANEXO

Normativa xeral que regula o ámbito da igualdade, violencia de xénero e non discriminación por orientación sexual:

Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016. Texto consolidado.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Protocolos e Plans

Protocolo da Consellería de Educación sobre identidade de xénero.

Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.

Normativa curricular:

Currículo da materia de libre configuración autonómica "Igualdade de Xénero" (1º ou 2º da ESO). Carga lectiva 1 hora.

Currículo da materia de libre configuración autonómica "Coeducación para o Século XXI" (1º de bacharelato). Carga lectiva: 2 horas.



Viñeta de Kiko da Silva © El Correo Gallego

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Paserantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal